

Consellería
de Sanidade

Saúde Pública
e Planificación
Información divulgativa

Infeccións de transmisión sexual (ITS)

PARA MÁIS INFORMACIÓN

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Dirección Xeral de Saúde Pública
e Planificación

Servizo de Control de

Enfermidades Transmisibles

Edificio Admtvo. San Lázaro, s/n

15703 Santiago de Compostela

Tel.: 881 54 29 60

Fax 881 54 29 70

<http://dxsp.sergas.es>

D.L.:
Deseño: IDEAR comunicación visual

¿Que son as infeccións de transmisión sexual (ITS)?

Son infeccións que as persoas poden adquirir cando teñen contactos sexuais vaxinais, anais ou buco-xenitais.

Están aumentando por algúns cambios nos estilos de vida e costumes sociais experimentados nos últimos tempos.

¿Que se nota?

Os síntomas máis frecuentes son:

Nas mulleres. Fluxo anormal na vaxina; chagas, bochas ou verrugas cerca dos órganos sexuais, ano ou boca; dor na pelve; picor ou proído arredor da vaxina; inflamación dun ou máis ganglios arredor da chaga; dor na vaxina na relación sexual; sangrado vaxinal excesivo tendo –ou non– a menstruación; sangrado vaxinal sen ter a menstruación ou tras a relación sexual; ardor ao urinar ou defecar.

Nos homes. Secreción pola uretra; chagas, bochas ou verrugas cerca dos órganos sexuais, ano ou boca; inflamación dun ou máis ganglios arredor da chaga; dor nos testículos ou arredor dos órganos sexuais ou inflamación; proído ou picor arredor dos órganos sexuais; ardor e dor ao urinar ou defecar.

En moitos casos de infeccións de transmisión sexual non aparecen síntomas ou nótanse pouco.

¿Que consecuencias teñen se non se tratan?

As infeccións de transmisión sexual, se non se tratan, poden producir consecuencias graves tales como: **esterilidade, abortos, problemas no embarazo, transmisión ao fillo, cancro de colo de útero, cancro de pene, cancro de ano, lesións cardíacas, enfermidades do sistema nervioso, etc...**

As infeccións de transmisión sexual facilitan a transmisión do VIH/sida.

¿Cales son as máis comúns?

Existen moitas diferentes e poden ser producidas por virus, bacterias, fungos, parasitos e artrópodos.

As máis importantes son: **sífilis, gonorrea, clamidia, VIH/sida, condilomas acuminados, herpes xenital, hepatites víricas.**

Tamén son moi frecuentes e molestas as tricomonas, piollos pato e sarna.

¿Como se collen?

A través do sexo vaxinal, anal e buco-xenital, sen utilizar preservativo, cunha persoa que teña unha ITS.

É máis doado infectarse se se cambia a miúdo de parella ou se a parella habitual ten relacións sexuais con outras persoas.

Polas características destas infeccións moitas persoas descoñecen que están infectadas e son transmisoras. **Non é cuestión de confianza senón de sexo seguro e de facer revisións médicas.**

¿Como se poden evitar?

Utilizando **sempre e correctamente o preservativo** no sexo vaxinal, anal e oral. O preservativo (masculino e feminino) é a mellor maneira de previr as ITS.

Falar coa parella sobre a vida sexual.

Acudir ao centro de saúde para unha revisión médica:

- Se tivo unha práctica sexual de risco (sexo sen preservativo, ruptura do preservativo...).
- Se nota algún síntoma das ITS.

¿Que facer?

Se tes dúbidas de que tes unha destas infeccións ou enfermidades debes **acudir ao médico de cabeceira**. O diagnóstico e tratamento non é doloroso. Canto antes se inicie o tratamento é menor a posibilidade de ter complicacións futuras. A consulta é absolutamente confidencial.

Se tes un diagnóstico de infección ou enfermidade debes **informar a parella ou parellas coas que tiveches relacións sexuais**, insistindo en que acudan ao médico.

Non esperes a que cure soa.